

## **Bases do 1º Concurso de Fotografía Dixital do Club de Ciencia ROU "Patróns Matemáticos na Vida e na Terra"**

### **1. Organización**

O concurso está organizado polo Club de Ciencia do IES ROU, co obxectivo de estimular a creatividade e promover o interese do alumnado pola ciencia, a natureza, a xeoloxía e as matemáticas.

### **2. Temática**

O tema do concurso é “Patróns Matemáticos na Vida e na Terra”. As fotografías deben amosar a relación entre os seres vivos, a natureza ou a xeoloxía, e os conceptos ou patróns matemáticos. As imaxes poden destacar simetrías, fractais, proporcións, xeometría ou calquera outro aspecto matemático observado na vida e no mundo natural.

### **3. Participantes**

O concurso está aberto a todo o alumnado do instituto, desde 1º de ESO ata 2º de Bacharelato. Consideraranse todas as fotografías nunha única categoría.

### **4. Formato e requisitos das fotografías**

- Cada participante pode enviar ata 2 fotografías.
- As imaxes deben ser orixinais, capturadas polo propio alumno/a e non ser publicadas nin premiadas noutros concursos.
- As fotografías poden ser tomadas con calquera dispositivo dixital (cámaras, móbiles, tablets).
- Formato de arquivo: JPEG ou PNG.
- As fotos deben ter unha resolución mínima de 1080x720 píxeles.
- Non se permiten marcas de auga, sinaturas ou elementos que identifiquen ao autor/a na imaxe.

### **5. Presentación**

As fotografías deben SUBIRSE A AULA VIRTUAL DO CENTRO

**<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesrepublicaorientaldouruguai/aulavirtual/course/view.php?id=727>**

### **6. Prazo de entrega**

O prazo para a presentación das fotografías remata o **8 de decembro de 2024 ás 24h.**

## **7. Criterios de avaliación**

As fotografías serán avaliadas polo xurado do Club de Ciencia en función dos seguintes criterios:

- Relación coa temática, destacando a conexión entre a natureza ou xeoloxía e os conceptos matemáticos.
- Creatividade e orixinalidade.
- Calidade técnica da imaxe (enfoque, luz, cor).

## **8. Xurado**

O xurado estará composto por membros do Club de Ciencia.

## **9. Premios**

Outorgaranse 3 premios e unha mención especial do Club de Ciencia.

Diploma e publicación destacada na web do instituto e nas redes sociais do Club de Ciencia (Instagram)

## **10. Exposición e entrega de premios**

As fotografías serán expostas no taboleiro do Club de Ciencia do instituto e publicaranse na páxina web e nas redes sociais do centro. A entrega de premios realizarase o **16 de decembro de 2024 na Aula de Ciencias, durante un evento especial do Club de Ciencia.**

## **11. Propiedade e cesión de dereitos**

- As fotografías enviadas ao concurso seguirán sendo propiedade dos seus autores/as.
- Coa súa participación, o alumnado cede ao IES ROU o dereito de uso non exclusivo das imaxes para a súa reprodución, publicación e difusión en materiais educativos, eventos e redes sociais do centro.

## **12. Aceptación das bases**

A participación no concurso implica a aceptación de todas as bases. Calquera situación non contemplada será resolta polo xurado e a organización.